



#juntas cambiamos la meta
#más investigación para más vida

MANIFESTO 2025

ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CÁNCER MAMA METASTÁSICO

Hoxe, 13 de outubro, é o Día Mundial do Cáncer de Mama Metastásico.

En España, case **7.000 mulleres morren cada ano** por esta enfermidade. **Tres de cada 10 persoas con cancro de mama desenvolverán metástase e 6 de cada 100 xa conviven con ela desde o inicio.**

O cancro de mama metastásico é unha forma avanzada da enfermidade que **hoxe en día non ten cura.**

Convivir con el significa tratamentos constantes, efectos secundarios, revisións médicas continuas e un impacto sostido a nivel persoal, familiar, laboral, financeiro, cognitivo e emocional.

Tamén significa aprender a convivir coa incerteza, coa idea de que cada revisión pode cambialo todo.

E, aínda así, seguimos adiante, construíndo proxectos de vida, coidando das nosas familias e achegando á sociedade.

O noso obxectivo é avanzar cara á cronificación da enfermidade, transformando un diagnóstico hoxe incurable nunha realidade con máis opcións de tratamento que permita gañar tempo e calidade de vida.

Por iso, desde a **Asociación Española de Cáncer de Mama Metastásico** —formada e liderada por pacientes— reivindicamos:

◆ **Investimento público sostido en investigación.**

Porque a investigación é a única vía para transformar esta realidade e abrir a porta a un futuro con máis opcións.

Investir en investigación é investir na saúde colectiva: pode que non todas as persoas sexamos pacientes oncolóxicos, pero nalgún momento da vida cada quen precisará da ciencia e da sanidade.

◆ **Acceso equitativo e áxil á innovación.**

Porque a innovación só ten sentido se chega ás persoas. Necesitamos que os tratamentos se aproben e se financien de maneira rápida, segura e equitativa, para que estean dispoñibles en todo o territorio e para todas as persoas.



#juntas cambiamos la meta
#más investigación para más vida

◆ **Recoñecemento legal e social da nosa realidade.**

A estabilidade clínica non equivale a capacidade laboral real: os efectos secundarios, as citas médicas e a incerteza constante fan que sexa difícil manter unha xornada laboral.

Pedimos **criterios claros e actualizados nos tribunais médicos**, que reflictan o que significa convivir cun estadio IV e garantan un trato xusto e homoxéneo.

◆ **Visibilización honesta e sen estereotipos.**

O que non se ve, non se entende. E o que non se entende, non cambia. Necesitamos que a nosa realidade se mostre con claridade, sen mensaxes simplistas ninedulcorados que nos invisibilizan.

O cancro de mama metastásico non nos define, pero marca as nosas vidas. Somos nais, fillas, irmás, amigas, compañeiras de traballo... persoas que seguimos aquí, con ganas de vivir e con dereito a facelo con dignidade.

A nosa voz é a ferramenta para transformar a realidade que temos hoxe.

A meta é vivir. E para conseguila, necesítamoste.

◆ **Infórmate. Únete. Súmate.**

◆ **Doa. Comparte. Visibiliza.**

◆ **Impulsa. Financia. Transforma.**

#XuntasCambiamosAMeta #AMetaÉVivir #MáisInvestigaciónParaMáisVida